Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición presentada polo **GM do PBBI** con data 16 de novembro de 2020 (rex entr. 16-11-2020, nº 15.394), e no seu nome por D. Vicente Mariño de Bricio, ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de novembro de 2020, e que é do seguinte tenor literal:

“Vicente Mariño de Bricio, con DNI 52.456.748-G, en calidad de concejal y portavoz del grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI), presenta al pleno de la corporación municipal de Ribeira, al amparo de lo dispuesto en el apartado c del artículo 116.1 del Reglamento Orgánico Municipal, la siguiente moción.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Varios vecinos de Olveira, concretamente residentes en la Rúa Fiáns, se han puesto en contacto con el Partido Barbanza Independiente (PBBI) para comunicarle que hace un año y medio se les prometió por parte de la concejala del PP en dicha parroquia que se les iba a instalar un red de saneamiento para dar servicio a sus viviendas y todavía siguen esperando. Señalaron que, en respuesta a ese compromiso, algunos incluso ya pusieron su propia acometida, asumiendo los costes, y tienen todo listo para que se les pueda conectar tan pronto se acometa esa obra.

Los afectados indicaron que se trata de un tramo sencillo y poco costoso de unos 100 metros de longitud y que no necesita de la instalación de ningún bombeo, pues las aguas residuales se podrán conducir por gravedad hasta la red instalada hace año y medio en la Rúa Iñeiras, que es perpendicular a la Rúa Fiáns.

Añadieron que en esas mismas fechas se instaló una red de alcantarillado en una calle paralela a la suya y que, mientras tanto, a ellos se les tiene totalmente olvidados, pese a las referidas promesas.

En virtud de todo lo expuesto el grupo municipal del Partido Barbanza Independiente (PBBI) insta al pleno de la corporación municipal de Ribeira a la adopción de los siguientes.

ACUERDOS:

- Que el Concello de Ribeira instale una red de alcantarillado en la Rúa Fiáns, en Olveira.
- Que se conecte la Rúa Fiáns con la Rúa Iñeiras, en la que se ha colocado hace año y medio, al igual que en otra paralela a la solicitada.

Vicente Mariño de Bricio.”

Asemade dase conta duha **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP** e no seu nome pola Sra. Concelleira voceira do devandito grupo Dna. María José Sampedro Fernández e que é do seguinte tenor literal:

“ÚNICO.- Que dentro do Plan de Obras e Servizos da Deputación se inclúa unha nova actuación de saneamento na parroquia de Olveira e que para a elección da ubicación se teña en conta o número de vivendas beneficiadas e a antigüidade das súas fosas sépticas a tenor da contaminación que as mesmas puidesen producir”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da **proposición do GM do PBBI**, así como da **emenda de substitución** presentada polo **GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, **sómetese a votación ordinaria a emenda presentada polo GM do PP** en cumprimento do disposto polo artigo 116.1.e do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira (BOP nº 74 de 19 de abril de 2012) co seguinte resultado:



FIRMANTE - FECHA





-VOTOS A FAVOR: 12 (9 PP, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 7 PBBI

-ABSTENCIÓNS: 2 BNG

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba emenda presentada polo GM do PP** sobre proposición do **GM** do **PBBI** ditaminada pola Comisión Informativa de de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 24 de novembro de 2020, relativa a **QUE SE INSTALE REDE DE ALCANTARILLADO NA RÚA FIÁNS-OLVEIRA**, e, en consecuencia aproba:

“ÚNICO.- Que dentro do Plan de Obras e Servizos da Deputación se inclúa unha nova actuación de saneamento na parroquia de Olveira e que para a elección da ubicación se teña en conta o número de vivendas beneficiadas e a antigüidade das súas fosas sépticas a tenor da contaminación que as mesmas puidesen producir”.

8.- PROPOSICIÓN DO GM BNG PRESENTADA POR D. LUÍS ANTONIO PÉREZ BARRAL SOBRE MELLORAS NO CENTRO DE SAUDE DE RIBEIRA NA ATENCIÓN E NAS INFRAESTRUTURAS.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición presentada polo **GM** do **BNG** con data 7 de xaneiro de 2021 (rex entr.nº 184), e no seu nome por D. Luis Antonio Pérez Barral, ditaminada pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 19 de xaneiro de 2021, e que é do seguinte tenor literal:

“Luis Antonio Pérez Barral, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Ribeira presento a seguinte proposición ante o Pleno da Corporación Municipal e dirixida ao alcalde en relación ás melloras no centro na atención e nas infraestruturas do saúde de Ribeira.

Exposición de Motivos

Hai apenas dous meses, o Parlamento galego pronunciábase unánimemente sobre a iniciativa do BNG para acabar coas listas de espera na atención primaria e presentar un plan de continxencia co obxectivo de garantir a asistencia tanto na atención primaria como na hospitalaria. Un acordo que propoñía reactivar as consultas presenciais na atención primaria apostando polo persoal e por medidas de prevención para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

A pesar deste e doutros acordos tomados a nivel parlamentar, a día de hoxe a Xunta dista moito de estar poñendo os medios necesarios para solucionar a grave situación da atención primaria en Galiza, a comezar pola forte presión que viven os seus profesionais por mor da carga asistencial, a precariedade, a falla de medios e a descordinación, que continúan a ser impedimento para garantir a saúde dos usuarios e usuarias e deterioran cada vez máis o propio sistema sanitario.

Esta situación, agravada agora aínda moito máis pola pandemia, non é nova e vén derivada dos numerosos recortes e a redución do gasto público levada a cabo polo goberno galego nos últimos



FIRMANTE - FECHA





once anos. A situación que se está a vivir no centro de saúde de Ribeira é un exemplo extremo da desidia das autoridades sanitarias e das consecuencias que conleva para os seus profesionais e, sobre todo, para os seus usuarios e usuarias.

Nun centro onde debían traballar habitualmente 9 facultativos pola mañá (para cubrir un cupo total de 12.686 pacientes) e 5 pola tarde (para cubrir un cupo total de 7.836 pacientes), ademais de 4 pediatras (para cubrir un cupo total de 3.536 pacientes), contaban a finais do ano que vén de rematar con 3 médicos de familia e dúas pediatras. A día de hoxe, continúan en cadro: Entre 5 e 6 facultativos na quenda de mañá, onde o máis habitual é que sexan só 3 ou 4. Na quenda de tarde, 3. E dúas pediatras de mañá, unha delas facendo 2 tardes á semana e outra tarde cubrindo con profesionais doutros centros (hospital da Barbanza, Porto do Son, A Pobra) de tal xeito que sempre quedan dúas tardes á semana sen pediatra no centro.

Os pacientes dun día calquera deberan ser entre 30 e 35, mais as axendas que soportaron os e as facultativas nos últimos días do ano 2020 foron de entre 70 e 85 persoas, e mesmo a día de hoxe continúan entre 40 e 60 persoas. A este despropósito hai que sumar aínda as urxencias que podan darse e tamén que, no caso da especialidade de pediatría, o centro de Ribeira está asumindo aos menores procedentes do centro de saúde da Pobra que nestes momentos continúa sen pediatra e que provoca que unha das profesionais destinada no Hospital da Barbanza sexa trasladada, un día á semana, a reforzar o servizo no centro de saúde.

Ademais, o centro é tamén deficitario en canto o Persoal de Servizos Xerais e persoal de enfermería. No primeiro caso, conta con 4 de mañá e 2 de tarde, que se reforzou nestes días e puntualmente polo exceso de traballo cun máis pola tarde, xa que fronte á circunstancia de atender axendas imposíbeis víronse na obriga de chamar a un grande número de pacientes para pospoñerlle ou cancelarlle a cita. No segundo caso, vén sendo habitual tamén que non se cubran as ausencias e que se fagan intersubstitucións entre as que están activas. De calquera xeito, é de suñar que non todos os cupos de facultativos dispoñen de enfermeira ou enfermeiro asignado, o que é importante para evitar as distorsións que isto produce no quefacer diario. E, como colofón aos serios problemas de falla constante de persoal, hai que engadir os da falla de espazo dun edificio que se queda pequeno para a poboación á que ten que atender e que as autoridades locais prometeran xa hai tempo ampliálo sen que ata o de agora se teña efectivizado tal promesa.

En agosto de 2017 o señor Ruiz Rivas aseguraba que “durante o ano 2018” a ampliación do centro de saúde sería efectiva após manter unha reunión entre o Sergas, o Instituto Social da Mariña e o propio Concello de Ribeira. Un ano máis tarde, en 2018 o rexedor ribeirense confirmaba que había varios bosquexos e estamos en 2021 e seguimos sen ter un centro de saúde acorde ás necesidades que demanda o servizo.

Neste sentido, existen xa demandas concretas feitas polo persoal do PAC que conta con dúas salas e que quedan só nunha cando coincide a quenda de tarde do centro co PAC, o que minguía considerablemente a calidade, e mesmo a intimidade, que se lle debe garantir aos doentes. Segundo puidemos saber no BNG, o persoal precisaría, como mínimo, unha sala máis. Hai unha médica que está localizada no PAC pero non ten enfermeira por falla de espazo. Pola tarde hai 5 médicas pero só 4 enfermeiras, o que supón un descontrol porque as 4 existentes teñen que ir cubrindo (como poden) o cupo da que non existe. Os cupos da tarde son todos superiores a 1.400 pacientes. A cousa agrávase cando algunha das que hai colle vacacións ou está de baixa porque non a substitúen. Malia que a xerencia é coñecedora desta grave situación, nada se fai ou se fixo até o momento.

Ao enquistamento da grave situación que se dá dende hai moito tempo no centro de saúde de Ribeira, hai que sumar agora a sobrecarga e a saturación derivada da pandemia da COVID-19, que supón que moito menos persoal teña que atender a un maior número de pacientes -tanto telefonica como presencialmente- e a unha carga burocrática excesiva, que nestes primeiros días de vacinación se tiveran xa destinado dúas profesionais de enfermería aos xeriátricos da localidade e que nas seguintes fases da vacinación teñan que atender a miles de persoas cun reducido cadro de persoal.





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Diante deste colapso, do empeoramento da asistencia que se presta e que só se suple coa voluntariedade e a adicación do persoal, as autoridades sanitarias continúan coa descordinación, a falla de previsión e a falla de dotación de persoal que permita unha atención sanitaria digna á poboación.

Malia que o Partido Popular e o señor Ruiz Rivas son sabedores do que ocorre no centro de saúde de Ribeira nada se fixo para solucionar un problema que vén de vello e que se agrava coa pandemia. Moi ao contrario, as cousas foron a peor e, diante dunha máis que posíbel terceira onda da pandemia e da complicación do labor asistencial, seguen sen atisbarse sequera previsións de reforzar o cadro de persoal e, polo tanto, de paliar cando menos os problemas existentes.

En base a todo isto, o BNG, demanda do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O Concello de Ribeira instará á Xunta de Galiza a repoñer de inmediato o número habitual o persoal sanitario do centro de saúde de Ribeira e cubra as baixas que se produzan por enfermidade, vacacións, ou calquera outro motivo.

O Concello de Ribeira instará á Xunta de Galiza a reforzar o cadro de persoal sanitario e non sanitario diante das necesidades derivadas da pandemia.

O Concello de Ribeira instará á Xunta de Galiza a buscar sen dilación alternativas para a falla de espazo nese centro de saúde, nomeadamente no referido ao PAC.

Ribeira, xaneiro de 2021. Luís Pérez Barral. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego

Asemade dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha **emenda de adición** presentada polo **GM Mixto-Suma Ribeira**, e no seu nome por D. Xurxo Ferrón Vidán, do seguinte tenor literal:

Emenda de SumaRibeira para o Pleno Ordinario do vinte e cinco de xaneiro de 2021

Xurxo Ferrón Vidán, voceiro do Grupo Mixto – Suma Ribeira, presenta a emenda seguinte:

Punto 8 da orde do día.- *Proposición do Grupo Municipal do BNG, presentada por D. Luís Antonio Pérez Barral, sobre melloras no centro de saúde de Ribeira na atención e nas infraestruturas*

A emenda propón unha adición ao punto dous e engadir un punto catro novo, mantendo invariables os puntos un e tres:

2.- O Concello de Ribeira instará á Xunta de Galiza a reforzar o cadro de persoal sanitario e non sanitario diante das necesidades derivadas da pandemia. Dentro destas necesidades de persoal deberase prestar especial atención á nova sobrecarga de traballo do persoal de enfermería xerada pola vacinación, actividade que necesariamente experimentará un importante crecemento a curto e medio prazo.

4.- O Concello instará á Xunta de Galiza a dotar con urxencia ao centro de saúde de Ribeira dos medios necesarios para restablecer as consultas presenciais na atención primaria, asegurando para profesionais e pacientes un estándar de seguridade acorde coa crítica situación sanitaria actual”.





Igualmente dase conta dunha **emenda de adición** presentada **“in voce”** polo **GM do PP** en o seu nome por Dna. María José Sampedro Fernández do seguinte tenor literal:

5.-Que na medida que o proxecto elaborado ao efecto pola Xunta de Galicia así o poida contemplar se inste ó ISM a que poña a disposición os espazos necesarios parfa posibilitar a devandita ampliación.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da **proposición do GM do BNG**, así como da **emenda de adición do GM Mixto-Suma Ribeira**, e a **emenda de adición “in voce” do GM do PP**, **aceptadas todas elas**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 19 de xaneiro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 21 (9 PP, 7 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus vinteun membros que de dereito o integran aprobala proposición do **GM do BNG** ditaminada pola Comisión Informativa de Servizos Sociais, Promoción Social, Sanidade e Consumo de data 19 de xaneiro de 2021 sobre **MELLORAS NO CENTRO DE SAUDE DE RIBEIRA NA ATENCIÓN E NAS INFRAESTRUTURAS** quedando convertido en acordo en todos os seus termos, e, en consecuencia aproba:

1.-O Concello de Ribeira instará á Xunta de Galiza a repoñer de inmediato o número habitual o persoal sanitario do centro de saúde de Ribeira e cubra as baixas que se produzan por enfermidade, vacacións, ou calquera outro motivo.

2.- O Concello de Ribeira instará á Xunta de Galiza a reforzar o cadro de persoal sanitario e non sanitario diante das necesidades derivadas da pandemia. Dentro destas necesidades de persoal deberase prestar especial atención á nova sobrecarga de traballo do persoal de enfermería xerada pola vacinación, actividade que necesariamente experimentará un importante crecemento a curto e medio prazo.

3.-O Concello de Ribeira instará á Xunta de Galiza a buscar sen dilación alternativas para a falla de espazo nese centro de saúde, nomeadamente no referido ao PAC.





4.- O Concello instará á Xunta de Galiza a dotar con urxencia ao centro de saúde de Ribeira dos medios necesarios para restablecer as consultas presenciais na atención primaria, asegurando para profesionais e pacientes un estándar de seguridade acorde coa crítica situación sanitaria actual”.

5.-Que na medida que o proxecto elaborado ao efecto pola Xunta de Galicia así o poida contemplar se inste ó ISM a que poña a disposición os espazos necesarios para posibilitar a devandita ampliación.

9.- PROPOSICIÓN DO GM MIXTO-SUMA RIBEIRA PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN SOBRE CONTROL E REDUCCIÓN DOS GASTOS MENORES E REGULAMENTACIÓN DAS ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha proposición presentada polo **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA** con data 12 de xaneiro de 2021 (rex entr. 408), e no seu nome por D. Xurxo Ferrón Vidán, ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas de data 19 de xaneiro de 2021, e que é do seguinte tenor literal:

“Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro - voceiro do Grupo Mixto SumaRibeira, presenta ante o Alcalde e Corporación Municipal, para a súa inclusión na orde do día do vindeiro Pleno Municipal a proposición seguinte:

Control e redución dos gastos menores e regulamentación das asignacións aos grupos políticos municipais

No pasado Pleno, debido a que figuraba na orde do día a “Aprobación da Conta Xeral do 2019”, tivemos ocasión de coñecer distintos informes de Intervención. A toma en consideración destes informes, ao entender de SumaRibeira, pode ser ferramenta útil en favor da transparencia, tendo entre as súas vantaxes a de facilitar a análise e fiscalización das complexas contas do concello polas concelleiras e concelleiros dos grupos políticos da oposición. Así mesmo tamén deberían ser ferramenta útil para que a corporación municipal poida contribuír á depuración de comportamentos do equipo de goberno que xeran movementos contables desconformes coa legalidade vixente.

Tanto SumaRibeira como os demais grupos tivemos ocasión de opinar no Pleno durante uns cinco minutos sobre a Conta Xeral do 2019, pero nós pensamos que se fai necesario e útil prestar especial atención ás suxestións e informes de Intervención. Entendemos que é de interese que a corporación municipal manifeste as súas opinións sobre dous temas ao noso entender importantes:

1.-Control financeiro de “gastos menores”

En relación aos Gastos Menores, recolle o traballo de intervención que se centrou na “Detección dos posibles fraccionamentos ao obxecto de eludir as limitacións da normativa de contratación, analizándose o posible fraccionamento por terceiro; entre diferentes provedores e existencia de fraccionamento plurianual.”. Intervención informa que no 2019 houbo 26 contratos potencialmente susceptibles de indevida carencia de licitación, que pertencerían aos seguintes





capítulos: “subministro de combustibles para os vehículos municipais, subministro de material de obras, servizo de imprenta, servizo de telefonía e conexión á rede e servizo de asistencia técnica e subministro de material de son”. Segundo os nosos cálculos estes contratos sumados acadarían aproximadamente uns 355.000€.

2.- Control financeiro das asignacións aos grupos políticos municipais

Informa Intervención que, de acordo coa **escasa regulamentación municipal** existente, “a xustificación presentada polos grupos municipais estimase suficiente”, pero tamén estima que para facilitar a fiscalización da documentación presentada polos grupos políticos sería desexable que tamén se presentase un libro de rexistro “cos ingresos recibidos do Concello e os pagos realizados con cargo a ditos ingresos” e “As facturas, recibos e os seus respectivos xustificantes de pago que sirvan de soporte xustificativo dos gastos realizados debidamente relacionados”.

Asemade, entende e propón Intervención que se debería avaliar a conveniencia de que no caso de existir “fondos percibidos e non xustificados daría lugar ao reintegro dos mesmos”, proponendo tamén que se traten as posibles sancións polo feito de non presentar ou presentar incorrectamente a xustificación requirida.

Á vista do exposto SumaRibeira propón que se adopten os seguintes acordos:

1.- Que por parte do equipo de goberno se tomen as medidas oportunas para **reducir en todo o posible os Gastos Menores** de 15.000€, procedendo á agrupación dos pertencentes ao mesmo concepto para a licitación dos mesmos.

Que nos informes previos á aprobación tanto dos orzamentos como das contas xerais anuais sexa facilitada, cando menos cunha semana de antelación, a previsión ou avaliación do sumatorio de Gastos Menores susceptibles de ser agrupados, xunto coas cifras correspondentes aos dous anos anteriores, para así facilitar a avaliación da evolución deste capítulo.

2.- Que para posibilitar e facilitar o labor fiscalizador da Intervención sobre as asignacións percibidas polos grupos políticos municipais, estes presenten anualmente un **libro rexistro** cos ingresos recibidos do Concello e os pagos realizados con cargo a ditos ingresos, e as facturas, recibos e os seus respectivos xustificantes de pago que sirvan de soporte xustificativo dos gastos realizados debidamente relacionados.

3.- Que sexan reguladas as sancións que carrexarían a falla de presentación ou as incorreccións na presentación requirida.

4.- Que ao rematar o mandato popular para o que foron elixidos as concelleiras e concelleiros todos os fondos percibidos polos grupos políticos para o desenvolvemento da súa actividade política municipal non debidamente xustificadas sexan reintegrados ao concello, para a prestación de servizos municipais ás ribeirensas e ribeirenses que coas súas aportacións, directas e indirectas, contribuíron á xeración dos fondos asignados para facilitar o exercicio das súas funcións políticas.

Asd. Xurxo Ferrón Vidán. Concelleiro – voceiro de SumaRibeira. En Ribeira, a doce de xaneiro de 2021”





Asemade dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dunha **emenda de substitución** presentada polo **GM PP**, e no seu nome por Dña. Maria José Sampedro Fernández, do seguinte tenor literal:

D^a. María José Sampedro Fernández, voceira do Grupo Municipal Popular de Ribeira, presenta a seguinte emenda con motivo do pleno ordinario da Corporación Municipal do día 25 de xaneiro de 2021.

Punto 9.- *Proposición do grupo mixto Suma Ribeira presentada por Xurxo Ferrón Vidán sobre control e redución dos gastos menores e regulamento das asignacións aos grupos políticos municipais*

Emenda de substitución aos puntos 2, 3 e 4:

2.- Que se siga rendendo contas aos órganos de fiscalización vixentes en relación aos gastos dos grupos políticos municipais tal e como establece a lexislación vixente”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da **proposición do GM MIXTO- SUMA RIBEIRA**, así como da **emenda de substitución do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria a **emenda de substitución presentada polo GM do PP** en cumprimento do disposto polo artigo 116.1.e do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira (BOP nº 74 de 19 de abril de 2012), co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 16 (9 PP, 7 PBB1.)

-VOTOS EN CONTRA: 5 (1 Mixto-Suma Ribeira, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros aprobala proposición do **GM MIXTO-SUMA RIBEIRA, unha vez incorporada a emenda de substitución do GM do PP**, ditaminada pola Comisión Informativa de Facenda, Economía, Patrimonio e Especial de Contas





de data 19 de xaneiro de 2021 sobre **CONTROL E REDUCCIÓN DOS GASTOS MENORES E REGULAMENTACIÓN DAS ASIGNACIÓNS AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS**, quedando convertido en acordo, e, en consecuencia aproba:

*1.- Que por parte do equipo de goberno se tomen as medidas oportunas para **reducir en todo o posible os Gastos Menores** de 15.000€, procedendo á agrupación dos pertencentes ao mesmo concepto para a licitación dos mesmos.*

Que nos informes previos á aprobación tanto dos orzamentos como das contas xerais anuais sexa facilitada, cando menos cunha semana de antelación, a previsión ou avaliación do sumatorio de Gastos Menores susceptibles de ser agrupados, xunto coas cifras correspondentes aos dous anos anteriores, para así facilitar a avaliación da evolución deste capítulo.

2.-Que se siga rendendo contas aos órganos de fiscalización vixentes en relación aos gastos dos grupos políticos municipais tal e como establece a lexislación vixente”.

Antes de rematar o Pleno **O Sr.concelleiro D. Xosé Antonio Vázquez Cobas do Grupo Municipal do BNG**, pide ao Sr. alcalde-presidente que informe sobre a variante.

O **Sr. alcalde-presidente** resposta que ca xente da variante estiven esta semana.

Do que foi o acordo plenario eu dei conta tanto á Conselleira como ao Sr. Paco Menéndez, e evidentemente, a Xunta sigue o seu camino. Con respecto ao que é os traballos técnicos; esta mesma semana vaise a adxudicar a empresa. Non se puido facer no ano anterior porque non había fondos e, polo tanto, avería que esperar ao inicio destes presupostos. Si houbéramos feito unha modificación de créditos naquel momento, todavía non estaríamos en disposición tan siquiera de podelo licitar. Polo tanto, se invitou a 3 empresas; as 3 empresas agora de memoria acórdome de dúas, son tres consultorías de primer nivel con traballos nacionais e internacionais; dúas delas son Etisa e Teasa e a 3ª non me acordo como se chama, pero o lunes a mais barata das 3, pois, se lle abrirá.

En canto a participar no proceso, non participamos os grupos, non poden participar eles porque ao final son 3 empresas independentes; ningunha delas traballou para o Concello en cuestión de infraestrutura, si son os propios afectados quen nos din a empresa que lles gusta ou non lles gusta, ao final si que estaríamos viciando o procedimientto, porque xa hai empresas especializadas que son as que traballan para a Xunta e emitiron o seu





CONCELLO
DE
R I B E I R A
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

informe. Estuvén con eles bastante tempo, lles dín información absolutamente de todo o que me solicitaron e así está a cousa. De todas formas, a Xunta como antes decía, pois, sigue o seu procedemento có cal non sei si tiramos ou non tiramos esos 15.000 €, é dicir, si chegamos a tempo ou non porque aquí había un procedemento administrativo cunha exposición pública que xa pasou, para empezar chegaríamos tarde; non sabemos si a resolución da Xunta vai a estar antes ou despois das nosas alegacións, pero o cumprimento estrito do acordo plenario vaise a levar adiante; a partir de aí a responsabilidade do que votou cada un e sobre un procedemento que non depende do Concello, que depende doutra Administración. O procedemento era un contrato menor. O coste tan pronto o sepa llo informo na Xunta de Voceiros.

E sendo as **23 horas e 05 minutos** do día 25 de xaneiro de 2021, quedando pendentes os **puntos 10, 11, 12 13, 14 e 15** da orde do día, en cumprimento do acordo acadado en Xunta de Voceiros/as o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle



FIRMANTE - FECHA

JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 29/01/2021
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 29/01/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 29/01/2021 11:36:46

